

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 51710 (10/CPC-000114)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do director da Axencia Galega da Industria Forestal, por petición propia,  
para informar sobre a Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 23.06.2019*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 48046 (10/POC-007631)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre o grao de execución das sete sendas peonís e ciclistas previstas no  
Plan Senda 2020 para a comarca de Bergantiños, así como o prazo  
estimado para a execución das demandadas nos concellos de Laxe e  
Ponteceso  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019*
- 2.2 51477 (10/POC-007996)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de Alcoa,  
as ofertas presentadas para a compra da planta da Coruña, a situación en  
que quedaría a empresa e as actuacións previstas para salvagardar os seus  
postos de traballo e a súa actividade industrial, así como a súa opinión  
respecto da demanda da súa adquisición pública  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 489, do 19.06.2019*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 47987 (10/PNC-003880)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 3.2 51757 (10/PNC-004139)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 04.07.2019**

**Hora: 10:30**


**Orde do día**

1.1 51710(10/CPC-000114)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia Galega da Industria Forestal, por  
petición propia, para informar sobre a Axenda de impulso da  
industria forestal 2019-2021

*Publicación da iniciativa, 493, 23.06.2019*



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª- Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) para informar **"sobre a Axenda de impulso da industria forestal 2019-2021"**.

Santiago de Compostela,.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA  
Data e hora: 19/03/2019 11:41:02

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 04.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 48046(10/POC-007631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o grao de execución das sete sendas peonís e ciclistas previstas no Plan Senda 2020 para a comarca de Bergantiños, así como o prazo estimado para a execución das demandadas nos concellos de Laxe e Ponteceso

*Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019*



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

En relación coas respostas ás preguntas escritas formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don José Manuel Pérez Seco sobre, os datos referidos aos investimentos en novas sendas peonís realizados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso no ano 2016-2017-2018 indícase o seguinte:

No concello de Laracha investíronse 1.406.307 euros no ano 2017, e 803.298 no ano 2018, supoñen un total de 2.209.605 euros.

No concello de Cabana de Bergantiños 281.748 euros, no ano 2017 e a mesma cantidade no ano 2018. Total: 563.496 euros.

A senda de Xornes – Buño – Canta La Rana investíronse 534.339 euros no ano 2017, a cal transcorre polo concello de Malpica na súa maior parte.

No concello de Carballo 1.255.486 euros.

No concello de Laxe, 0 euros, no mesmo período.

En abril do ano 2018, o director da Axencia Galega de Infraestruturas ( AXI), na Comisión 2ª no Parlamento de Galicia indicaba que se están a desenvolver na comarca de Bergantiños 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas. A finais de xullo do mesmo ano puidemos ver á conselleira de Infraestruturas e Vivenda na Laracha inaugurando unha das sendas, e destacando que deste xeito cumpría co seu compromiso de ter rematada a senda antes de fin de ano.

A realidade amosa esa enorme discriminación entre concellos, que resulta aínda máis inxusta cando o plan *Senda 2020* se apoia en 3 eixos estratéxicos:

- Xustiza centrada nas persoas: orientar as actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, como receptor dos servizos da Administración de





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/03/2019 11:47:29**  
**Nº Registro: 48046**  
Data envío: 22/03/2019 11:47:29.899

Xustiza, pero tamén ao emprego público, facilitándolle os medios para optimizar o seu desempeño.

- A eficiencia dunha administración dixital: Potenciar as vantaxes que ofrecen as ferramentas dixitais para xerar eficiencia e proximidade na Administración de Xustiza.
- Unha administración fiable e sustentable: Abordar a necesidade de medios e infraestruturas, así como garantir a seguridade de acceso e uso de todos os servizos.


Está claro que por parte do Goberno galego se exerce unha discriminación orzamentaria cara aos concellos nos que non goberna o PP, deixando a veciñanza abandonada, xa que en moitos casos as sendas que se propoñen por parte dos concellos son unha necesidade para dotar de seguridade zonas de acceso habitual. No caso do Concello de Laxe, estas están comprometidas polo Goberno galego desde o ano 2015 no que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), solicitou ao Concello de Laxe que identificase as sendas e ou carrís bici necesarios no ámbito deste concello. Estas eran:

A senda “Castrelo-Arrueiro”, (AC-433) na parroquia de Soesto: reiteradamente demandada desde o Concello. Esta actuación beneficiaría tanto aos veciños e veciñas da zona, como a cantidade de visitantes que se recibe na zona, xa que hai que ter en consideración que nese lugar se atopan dúas casas rurais. Consta de dous tramos, sumando entre ambos un quilómetro e medio.

A senda “Conlle” (AC-433) na parroquia de Seranes: neste caso trátase dunha necesidade de seguridade viaria, xa que é moi transitada. Formada por un único tramo, nun núcleo rural illado da vila de Laxe, que melloraría notablemente a seguridade do treito que acompaña a dita estrada.

A senda “Cabo da Area”, (AC-431) trátase dunha senda peonil e ciclista prioritaria xa que conectaría a Vila cunha zona dotada de servizos xerais e equipamentos do municipio: CEIP, pavillón polideportivo, campo de fútbol, zonas verdes e espazos libres.

No caso de Ponteceso existe carencia de sendas peonís en Tella, (AC-423, pk 13.910 a pk 14.080 marxe esquerda, pk 14.100 a pk 14,150 marxe dereita, contorna co colexio Eduardo Eduardo Pondal) ( ac-419 pk 7.780 a 10.280), O Couto ( ac-424 pk 1.150 a 1.550 ), Pazos de Arriba (ac-419 pk 2.980 a 3.350), Corme Aldea (pk 6.430 a 7.340), A Bugalleira-Pazos (pk. 380 a 5.190 ) e Xornes (pk 12.410 a 13.290 )



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/03/2019 11:47:29  
Nº Rexistro: 48046  
Data envío: 22/03/2019 11:47:29.899

En todos os casos trátase de promover a mobilidade das parroquias veciñas porque son núcleos rurais illados, e de dotar de seguridade viaria as estradas que transcorren por elas.

É difícil atopar o principio de xustiza centrada nas persoas, cando o Goberno de Feijóo destina máis de dous millóns de euros ás sendas na Laracha, e outras sendas, como as de Ponteceso, (Couto, Tella, Bugalleira, Pazos de Arriba e as Cadaveiras, Corme Aldea e Xornes) Laxe continúan a agardar, cando estamos a falar dunha cuestión de seguridade viaria. Cando a Xunta orienta as súas actuacións ás necesidades e intereses da cidadanía, semella que non todos e todas temos os mesmos dereitos, a pesar de que se están a xestionar con cartos públicos.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o grao de execución na comarca de Bergantiños das 7 sendas, que proporcionarán aos veciños case 11 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas, do plan Senda 2020?

2ª) Cando se van executar as sendas demandadas polo concello de Laxe?

3ª) Cando se van executar as sendas demandadas polo concello de Ponteceso?

4ª) Por que o Goberno galego cumpre cos compromisos adquiridos na Comarca de Bergantiños cos concellos de Malpica, Cabana e A Laracha gobernados polo PP, e non cumpre os adquiridos cos concellos de Laxe e Ponteceso, gobernados por outras forzas políticas?


Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 22/03/2019 11:34:20**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/03/2019 11:34:30**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/03/2019 11:34:38**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 04.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 51477(10/POC-007996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, as ofertas presentadas para a compra da planta da Coruña, a situación en que quedaría a empresa e as actuacións previstas para salvagardar os seus postos de traballo e a súa actividade industrial, así como a súa opinión respecto da demanda da súa adquisición pública

*Publicación da iniciativa, 489, 19.06.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2019 12:36:14  
Nº Rexistro: 51477  
Data envío: 13/06/2019 12:36:14.332

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico.

Desde entón, a resposta por parte da Xunta de Galiza así como do goberno central teñen sido insatisfactorias. Dunha banda, o goberno de Núñez Feijóo limitouse a unha estratexia de eludir responsabilidades malia as competencias en materia industrial que posúe o noso país. Doutra banda, o goberno de Sánchez envolveu ao sector nunha estratexia de adiar os debates e decisións fundamentais que había que tomar en consideración para resolver a meirande crise industrial dos últimos anos. Despois de meses de promesas sobre as axudas ao CO2, o Estatuto de electrointensivas ou as modificacións das poxas de interrompibilidade no momento de asinar esta iniciativa ningunha das tres cuestións foi resolta favorablemente.

CSM-REXISTRO00h.uwCKod.7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2019 12:36:14  
Nº Rexistro: 51477  
Data envío: 13/06/2019 12:36:14.332

Cómpre recordar que estamos a falar dunha industria estratéxica, a do aluminio, nun contexto de forte desindustrialización e terciarización da economía galega. Falamos dun volume de 400 postos de traballo na Coruña ao que hai que sumar o impacto na industria auxiliar e na actividade portuaria, e mesmo o risco sobre Alcoa San Cibrao, que sumando a industria auxiliar chegaría a unha afectación de máis de 2.000 persoas.

Neste contexto achégase a data do 1 de xullo, clave para Alcoa, e descoñecemos se existe un comprador viable que inclúa na súa oferta a planta da Coruña e PP e PSOE parecen non ser favorables a, se non hai unha oferta adecuada, adoptar outro tipo de medidas como a adquisición pública. O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que os poderes públicos deben ter un papel determinante na economía, especialmente no sector industrial, e máis tendo en conta que o aluminio ten un carácter estratéxico. Polo tanto, diante do contexto no que nos atopamos é preciso que PP e PSOE levanten o veto á posibilidade de empregar esta alternativa con Alcoa se non se atopa comprador ou compradora.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego a situación de Alcoa?

Ten coñecemento das ofertas presentadas e da situación na que quedaría a empresa?

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para salvagardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa Coruña?

CSX4 REXISTRO00hJwK0K0L7  
Verificado  
<https://secreta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/06/2019 12:36:14

Nº Rexistro: 51477

Data envío: 13/06/2019 12:36:14.332

Considera a Xunta de Galiza atinado demandar a adquisición pública en Alcoa Coruña? Por que motivos?

Como valora o goberno galego a evolución das negociacións para unha tarifa industrial estábel? Ten coñecemento de se foron ou serán atendidas as súas reclamacións respecto deste ámbito? E concretamente no tocante á inclusión da categoría de hiperelectrointensivas?

Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega? Considera lóxico que un país produtor como Galiza non poida ser competitivo neste ámbito? Que vai facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSX4 REXISTRO00hJwK0k0L7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/06/2019 12:36:14  
Nº Registro: 51477  
Data envío: 13/06/2019 12:36:14.332

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 12:31:58**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 12:32:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 12:32:29**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 12:32:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 12:32:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 12:33:00**

CSV REGISTRO: 51477  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 04.07.2019

Hora: 10:30

Orde do día

3.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 04.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1 47987(10/PNC-003880)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a protección do comercio tradicional de Galicia

*Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/03/2019 13:09:42  
**Nº Rexistro: 47987**  
Data envío: 21/03/2019 13:09:42.684



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>**, sobre a protección do comercio tradicional galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incremento de grandes superficies comerciais, a carestía dos alugueiros, a chegada de cada vez máis cadeas comerciais internacionais e negocios tipicamente turísticos son unha ameaza crecente sobre o comercio tradicional do noso país.

A día de hoxe son poucos os establecementos tradicionais que conseguen sobrevivir. Un tipo de negocios que, ao noso entender, debera gozar da máxima protección toda vez que non soamente son unha fonte de emprego nun país no que a inmensa maioría da poboación se ocupa en pequenas e medianas empresas, senón tamén porque estes negocios proveñen de capital autóctono, que normalmente volve invertirse no territorio, e, ademais, porque teñen unha esencia única, un valor engadido que nos diferencia doutros lugares e fan únicas as nosas vilas e cidades.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/03/2019 13:09:42**  
**Nº Rexistro: 47987**  
Data envío: 21/03/2019 13:09:42.684



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Establecer unha Mesa de traballo entre a Dirección Xeral de Comercio, Cámaras de Comercio e FEGAMP para a elaboración dun catálogo de comercios emblemáticos de Galicia.
- Desenvolver un selo de calidade ao que este tipo de establecementos poida adherirse.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 21/03/2019 13:07:11**

CSX\_CuZiJmKun0  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/03/2019 13:09:42**  
**Nº Rexistro: 47987**  
Data envío: 21/03/2019 13:09:42.684



**Luis Villares Naveira na data 21/03/2019 13:07:19**

CSX\_CuZiAmKun0  
Villares Naveira  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 04.07.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2 51757(10/PNC-004139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa construción dunha nova subestación eléctrica para a conexión do polígono industrial de Balaídos, en Vigo, á rede de transporte de 220 quilovolts



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/06/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 51757**  
Data envío: 20/06/2019 14:02:09.973

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Sandra Vázquez Domínguez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

No día de onte recolleuse na prensa a noticia de que o Ministerio para a Transición Ecolóxica rexeita a petición reiterada do Grupo PSA de enganche do polígono de Balaídos á rede de 200 kilovoltios que atravesa Porriño para mellorar a fiabilidade do servizo de subministración eléctrica e abaratar o custo da factura eléctrica, colocándose na mesma condición que outras fábricas da multinacional francesa no Estado, como Zaragoza.

O proxecto, cun investimento aproximado de 70 millóns de euros, está incluído na planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España para desenvolver novas infraestruturas da rede de transporte, contando co respaldo da Xunta de Galicia. Trátase dun documento que foi sometido ao Congreso dos Deputados e aprobado por acordo do Consello de Ministros do Goberno de Mariano Rajoy. Sen embargo, o actual equipo da Secretaria de Estado de Enerxía, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, segue sen aprobar a declaración de excepcionalidade por parte do Goberno central que resulta necesaria para autorizar esta actuación.

Trátase, polo tanto, dunha decisión do Goberno socialista que volve ir en contra do desenvolvemento e o emprego industrial na comunidade galega, xa que a planta de PSA en Balaídos é actualmente a única gran fábrica española de coches sen enganche a 220 ou 400 kilovoltios.

Para entender o impacto desta desafortunada decisión cómpre recordar que o sector da automoción xera 22.300 empregos directos en Galicia, a maior cifra dos últimos dez anos, e que esta cifra supón ao redor do 13% da nosa ocupación industrial. Unha evolución positiva dun sector estratéxico para o presente e o futuro do galegos e das

CSM-REXISTROOEWKSBXICGS  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



galegas, que está estreitamente relacionado aos novos proxectos e ao crecemento da produción conseguidos pola planta de Balaídos do Grupo PSA, co respaldo do Goberno galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia quere sumarse ao respaldo da subestación eléctrica que necesita a planta de PSA en Balaídos, para non prexudicar a súa competitividade, así como o conxunto da cidadanía de Vigo, por elo, preséntase a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica para que cumpra coa planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España, sometida ao Congreso dos Deputados a aprobada por Acordo do Consello de Ministros do anterior Goberno de Mariano Rajoy, levando a cabo todas as medidas necesarias para desbloquear este investimento e iniciar a construción dunha nova subestación para atender a demanda industrial de Balaídos e conectar a Vigo á rede de transporte de 220 kilovoltios, facilitando unha subministración eléctrica moderna con capacidade de ofrecer estabilidade ao servizo e un abaratamento da factura eléctrica, tal e como estaba previsto”.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/06/2019 13:52:35**

**Teresa Egerique Mosquera na data 20/06/2019 13:53:02**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 20/06/2019 13:53:20**

**Marta Novoa Iglesias na data 20/06/2019 13:53:35**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 20/06/2019 13:53:51**

**Maria Antón Vilasánchez na data 20/06/2019 13:54:12**

**Moisés Blanco Paradelo na data 20/06/2019 13:55:33**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/06/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 51757  
Data envío: 20/06/2019 14:02:09.973**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/06/2019 13:55:50**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 20/06/2019 13:56:09**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 20/06/2019 13:56:23**



CSX, REGISTRO DE GALICIA

Verificación de autenticidad  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)